

M  
E  
T  
E  
O  
S  
A  
N  
S  
A



Caderno de actividades  
relacionadas coa meteoroloxía  
Lingua Galega e Literatura  
1º ESO  
2017-2018

1. Estes refráns mesturáronse.. Así que telos que ordenar.

O día de santa Lucía	pon no colmeiro.
A galiña no xaneiro pon no colmeiro.	mengua a noite e medra o día.
Por santa Lucía medra o día unha pisada dunha galiña.	mellor carballo que castiñeiro
En xaneiro,	unha pisada dunha galiña.
Por san Martiño faise o magosto	collidas as uvas
Por san Simón e san Xudas, collidas as uvas	e se chove, nove.
A lúa de outubro a sete cubre, e se chove, nove.	con castañas asadas e mosto.

2. Explica o significado dos refráns anteriores.

3. Busca no blogue *Meteosansa* a entrada titulada “Baltasar Merino e a meteoroloxía” (30 de outubro de 2017) e contesta ás seguintes preguntas:

- A quen homenaxeou este ano a Academia Real de Ciencias no Día da Ciencia en Galicia?
- Baltasar Merino destacou noutro eido do saber ademais de na meteoroloxía. En cal?
- Por que foi publicada a súa recomendación de usar o barómetro para predicir as borrasca atlánticas pola prensa española e portuguesa?


4. Imos ver o vídeo *Baltasar Merino. Día da Ciencia en Galicia 2017<sup>1</sup>* da educaBarrie e despois contestar ás seguintes preguntas:

- Onde e cando naceu Baltasar Merino?
- Por que ten que regresar de América?
- De que coñecido astrónomo foi profesor no Colexio Santiago Apóstol na Guarda?
- De que observatorio se fixo cargo no Colexio Santiago Apóstol?
- Quen eran os colaboradores que lle facilitaban información, acollían, guiaban e o fornecían de plantas de toda a xeografía galega?

---

1 <https://www.youtube.com/watch?v=1F50JPyc3f8>

5. Escribe un lema para un cartel sobre a figura de Baltasar Merino.
6. No blogue *Bibliosansa* atoparás unha entrada dedicada á figura de Baltasar Merino na que se indica o nome dunha revista publicada pola Real Academia Galega de Ciencias e *Gciencia* cuxo último número está dedicado a Baltasar Merino. Cal é o nome desta revista?
7. Busca no catálogo da nosa biblioteca dous libros sobre Meteoroloxía.
8. En cal dos apartados da CDU se inclúen? Por que?
9. E seguindo co catálogo da nosa biblioteca: busca o título dunha novela de Agustín Agra sobre o clima.
10. Este é o mapa da predición meteorolóxica de Meteogalicia para a tarde do 10 de novembro de 2017. Escribe a predición para este día a partir da información fornecida no mapa.  
Escribe a predición para este día partindo da información fornecida no mapa.



## **Recursos**

*MeteoGalicia*

<http://www.meteogalicia.gal/web/index.action>

Blogue *Meteosansa*

<http://meteosansa.blogspot.com.es/>

Blogue *Bibliosansa*

<http://bibliosansa.blogspot.com.es/>

“Novembro de ciencia” en Bibliosansa

<http://bibliosansa.blogspot.com.es/search/label/NOVEMBRO%20DE%20CIENCIA>

Catálogo da nosa biblioteca

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CEH016>

“Refráns lingua galega” en *Meteosansa*.

<http://meteosansa.blogspot.com.es/search/label/refr%C3%A1ns.%20lingua%20galega>

Recursos na nosa aula virtual

<http://www.edu.xunta.es/centros/cpisansadurnino/aulavirtual/course/view.php?id=379>

